



CONCELLO DE VIGO
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 60/142

Asunto: Declaración urxencia aprobación Plan Económico Financeiro.

Órgano: Xunta de Goberno Local

Dirixido a: Secretaria Xunta Goberno Local

Xustificación da urxencia

Unha vez rendida a Liquidación do Orzamento do grupo Concello de Vigo correspondente ao ano 2018, e a vista do informe sobre o incumprimento das regras fiscais de gasto e estabilidade orzamentaria, por Resolución da Alcaldía de data 13 de febreiro e da Concellería de Orzamentos e Facenda da mesma data, formouse o Plan Económico Financeiro para o período 2019/2020, que a súa vez foi informado polo Sr. Interventor, asinado o 15/02/2018.

Sendo unha vontade do goberno someter á aprobación do Pleno da Corporación o Plan na mesma sesión na que se da conta da Liquidación do Orzamento, é necesario, que a Xunta de Goberno Local aprobe o mesmo con carácter previo, para a súa posta a disposición do Sr. Secretario do Pleno para incluír na orde do día da Comisión informativa de Orzamentos e Facenda a celebrar o 20 de febreiro.

Proposta

Tendo en conta o anterior, solicítase a convocatoria dunha sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para someter a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ao órgano.

En Vigo, o Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Alvarez

Conforme coa proposta

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación de 19 de xuño de 2015)

Jaime Aneiros Pereira

